

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TOQUES

##### *Dedicacións*

##### **DEDICACIÓNS**

Por acordo plenario de data 04/07/2019 adoptouse o seguinte acordo:

“(…) PRIMEIRO.–Establecer que con efectos da data posterior á celebración da presente sesión extraordinaria de organización, o membro da Corporación don José Ángel Penas García terá dedicación exclusiva.

SEGUNDO.–Establecer a favor de don José Ángel Penas García as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dalos de alta no réxime xeral da Seguridade Social:

1.–Don José Ángel Penas García (primeiro tenente de alcalde //30.453,76// euros brutos/anuais).

TERCEIRO.–Notificar o presente acordo ós portavoces dos diferentes grupos políticos municipais e a todos os concelleiros, facendo constar de maneira expresa ó concelleiro don José Ángel Penas García, que se entenderá aceptado dito réxime de dedicación exclusiva polo afectado de non manifestar nada ao respecto dentro do prazo das 24 horas seguintes á súa notificación.

O que se publica aos efectos oportunos.

Toques, 24 de xullo de 2019.

O alcalde

Asdo.: Miguel Ángel Buján Varela

2019/6383

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TOQUES

*Indemnizacións por asistencia a órganos colexiados*

#### INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS

Por acordo plenario de data 04/07/2019 adoptouse o seguinte acordo:

“(…) PRIMEIRO.–Por asistencia a órganos colexiados:

- Pleno municipal: 80,00 €
- Xunta de Goberno: 80,00 €
- Comisión Especial de Contas: 80,00 €
- Mesa de Contratación: 80,00 €
- Calquer outro órgano colexiado: 80,00 €

SEGUNDO.–Os gastos de locomoción en vehículo propio, como consecuencia de desprazamentos por motivos de actividade municipal por parte de calquera membro da Corporación, serán indemnizados a razón de 0,19 € por quilómetro.

TERCEIRO.–Non se fixa ningunha cantidade para dietas de manutención e aloxamento, abonándose os gastos que se xustifiquen documentalmente como consecuencia da actividade realizada, debendo indicarse en cada momento a data e motivo dos gastos.

CUARTO.–O presente acordo aplicárase dende o día 4 de xullo de 2019.

O que se publica aos efectos oportunos.

Toques, 24 de xullo de 2019.

O alcalde

Asdo.: Miguel Ángel Buján Varela

2019/6386